



De acordo co artigo 318 da Lei 97 / 2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as **Instrucións Internas** reguladoras dos procedementos de contratación non suxeitos a regulación harmonizada **quedan sen efecto a partir do 9 de marzo de 2018.**

Non obstante o anterior, as instrucións Internas serán de aplicación aos procedementos de contratación non suxeitos a regulación harmonizada cuxo anuncio de licitación fose publicado ata o 8 de marzo de 2018.

**INSTRUCCIÓNS INTERNAS DE  
OBRIGADO CUMPRIMENTO  
NAS QUE SE REGULAN  
PROCEDEMENTOS DE  
CONTRATACIÓN NON  
SUJEITOS A REGULACIÓN  
HARMONIZADA**

- *Instruccións aprobadas polo Consello de Administración de SPI-Galicia, S.A. na súa reunión de 27 de marzo de 2015*

## ÍNDICE

### **1. - CONSIDERACIÓNS XERAIS**

1.1. - INTRODUCCIÓN

1.2. - APROBACIÓN DAS INSTRUCIÓNS INTERNAS

1.3. - PERFIL DE CONTRATANTE

### **2. - ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E ÓRGANOS DE ASISTENCIA**

### **3. - PRINCIPIOS DOS PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE VALORACIÓN**

#### **3.1. - PRINCIPIOS DE PUBLICIDADE E CONCORRENCIA**

3.1.1. - Supostos excluídos de publicidade e concorrencia

3.1.2. - Aptitude para contratar

3.1.2.1. - Capacidade

3.1.2.1.1. - Aspectos xerais de aptitude para contratar

3.1.2.1.2. - Acreditación da aptitude para contratar

3.1.2.1.3. - Condicións especiais de compatibilidade.

3.1.2.1.4. - Normas especiais de capacidade.

3.1.2.1.4.1. - Unións de empresarios.

3.1.2.2. - Prohibicións de Contratar: Proba de non concorrencia.

3.1.2.3. - Solvencia do Empresario.

3.1.2.3.1. - Esixencia de solvencia.

3.1.2.3.2. - Medios de acreditación.

3.2. - PRINCIPIO DE TRANSPARENCIA

3.3. - PRINCIPIOS DE IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN

3.4. - PRINCIPIO DE CONFIDENCIALIDADE.

3.5. - CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS.

**4. - TIPOS DE CONTRATOS E PROCEDEMENTOS REGULADOS  
POR ESTAS INSTRUCCIÓN.**

4.1. - TIPOS DE CONTRATOS

4.2. - PROCEDEMENTOS

**5. - PREGO DE BASES**

**6. - CONTRATOS**

**7. - GARANTÍAS**

7.1. - SUPOSTOS E RÉXIME

7.2. - GARANTÍA PROVISIONAL.

7.3. - GARANTÍA DEFINITIVA

7.3.1. - Esixencia.

7.3.2. - Garantías admitidas.

7.4.- REPOSICIÓN E REAXUSTE DE GARANTÍAS

7.5.- RESPONSABILIDADES A QUE ESTÁN AFECTAS AS GARANTÍAS.

7.6. - DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DAS GARANTÍAS

## **8. - CONTRATOS MENORES**

## **9. - PROCEDEMENTO NEGOCIADO**

9.1. - CARACTERIZACIÓN

9.2. - SUPOSTOS DE APLICACIÓN XERAIS

9.3. - SUPOSTOS DE APLICACIÓN EN CONTRATOS DE OBRA

9.4.- SUPOSTOS DE APLICACIÓN EN CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓN.

9.5. - SUPOSTOS DE APLICACIÓN EN CONTRATOS DE SERVICIOS.

9.6. - TRAMITACIÓN.

9.6.1. - Delimitación da materia obxecto de negociación.

9.6.2. - Anuncio e presentación.

9.6.2.1. - Criterios para a selección de candidatos.

9.6.2.2- Solicitudes de participación.

9.6.2.3. - Selección de solicitantes.

9.6.2.4. - Contido das invitacións e información aos convidados.

9.7- NEGOCIACIÓN

## **10. - PROCEDEMENTO ABERTO**

10.1. - CONVOCATORIA

10.2. - INFORMACIÓN AOS LICITADORES.

10.3. - REQUISITOS E CONDICIÓNS DAS OFERTAS

10.4. - CONTIDO DOS SOBRES

10.5. - APERTURA, EXAME E VALORACIÓN DAS OFERTAS

10.5.1. - Sobre nº 1

10.5.2. - Sobre nº 2

10.5.3. - Sobre nº 3

10.5.4. - Apreciación do carácter desproporcionado ou anormal dunha oferta.

10.5.5. - Adxudicación

10.6. - FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

10.7. - NOVA ADXUDICACIÓN EN CASO DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

## **11. - RÉXIME XURÍDICO**

11.1. - XURISDICIÓN

11.2. - ARBITRAXE.

## 1. - CONSIDERACIÓNS XERAIS

### 1.1. - INTRODUCCION

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI-Galicia, S.A.) é unha Sociedade Anónima Unipersoal adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

O seu obxecto social é o seguinte

“Proxectar, construír, conservar e explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome propio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuacións, toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver en ditas infraestruturas. A súa actividade comprende tamén, previa autorización do Consello da Xunta, a promoción e execución de actividades urbanísticas e inmobiliarias, adquisición e enaxenación de toda clase de bens inmobles, xestión e realización das obras e dotación de servizos e a súa posible explotación.

A sociedade tamén ten por obxecto a realización daquelas actividades de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense que se lle establezan regulamentariamente.

Forman parte do obxecto social as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcadoiros e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se encontren dentro da área de influencia do treito

Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense, así como as actividades que sexan complementarias da construción, conservación e explotación deste.

Todas estas actividades poderán desenvolverse total ou parcialmente mediante a participación de dita sociedade pública, suxeita sempre á Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outra disposición que sexa aplicable polo seu carácter de sociedade mercantil pública autonómica en sociedades de obxecto idéntico ou análogo.

Nas súas actuacións haberá de respectar os principios de publicidade, concorrencia, igualdade de trato e transparencia propios da contratación administrativa encamiñados a favorecer os licitadores.

Co fin de garantir os principios de transparencia e igualdade, así como o acceso público e sen custo á información contractual, no perfil do contratante e mentres a licitación se encontre en tramitación, introducirase toda a documentación contractual dispoñible, incluíndo en todo caso os pregos de cláusulas administrativas e o contrato tipo.

Tamén se procederá a publicar toda información relativa a actividade da sociedade que pola súa natureza non teña carácter reservado (estatutos, integrantes dos órganos de administración, dirección, xestión e control e as delegacións conferidas por estes así como as contas anuais.).

Para proceder á mellora do funcionamento administrativo tratará de establecerse un sistema para que todos os procedementos de contratación se leven a cabo posibilitando a utilización de medios de comunicación electrónicos, así como da presentación electrónica de ofertas e solicitudes.

Pola súa condición de Sociedade Pública Autonómica e en razón do seu obxecto social encádrase como: Poder adxudicador, que non ten o carácter de Administración Pública, segundo o artigo 3.3.b do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (T.R.L.C.S.P)

As presentes Instrucións Internas, dan cumprimento ao previsto no artigo 191.b) do citado T.R.L.C.S.P..

Para a súa redacción, tivéronse en conta:

- O Real Decreto Legislativo 3/2011 T.R.L.C.S.P., en especial os artigos 137.1, 189, 190 e 191.
- A Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública Galega.
- A Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- A Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia.

Ademais destas disposicións legais tamén se tomaron en consideración:

- O Convenio Marco entre a Xunta de Galicia e a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., aprobado polo consello da Xunta do 16 de xuño do 2011.
- O Manual de Procedemento Interno de SPI-Galicia, S.A. aprobado inicialmente polo Consello de Administración, o 9 de novembro de 1999 e que foi obxecto de sucesivas modificacións para adaptalo ao marco normativo vixente en cada momento.



## 1.2. - APROBACIÓN DAS INSTRUCIÓNS INTERNAS

Estas Instrucións Internas de obrigado cumprimento nas que se regulan procedementos de contratación, non suxeitos a regulación harmonizada aprobáronse polo Consello de Administración de SPI-Galicia, S.A. na súa reunión de \_\_\_\_\_.

Entran en vigor o día \_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_ despois da súa publicación no Perfil de Contratante.

## 1.3. - PERFIL DE CONTRATANTE

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, establécese como Perfil de SPI-Galicia, S.A. <http://www.spigalicia.es/>

Nel incluíranse datos e información tales como:

- Anuncios de Información Previa.
- Contratacións Programadas.
- Licitacións abertas ou en curso coa súa documentación asociada:
  - Prego de Bases
  - Contrato Tipo.
  - Prescricións Técnicas e Información Técnica Básica do Proxecto, se o caso.
  - Contratos adxudicados.
  - Procedementos anulados.
  - E calquera outra información útil de tipo xeral.

A través deste medio darase información sobre toda a actividade contractual que supere os 50.000 Euros.

Estará enlazada coa Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia.



## 2. - ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E ÓRGANOS DE ASISTENCIA

O Consello de Administración de SPI-Galicia, S.A. é o Órgano de Contratación da Sociedade.

O Xefe da Área de Administración e Finanzas ten delegada polo Consello de Administración a adxudicación dos contratos menores.

O Consello de Administración de SPI-Galicia, S.A. na súa función de Órgano de Contratación, e o Xefe da Área de Administración e Finanzas naquelas adxudicacións que ten delegadas, estarán asistidos, cando sexa procedente, polos órganos de asistencia que se definan nos Pregos de Bases de cada procedemento.

Constituirase Mesa de contratación nos procedementos abertos, nos procedementos negociados con publicidade nos mesmos casos do artigo 177.1 TRLCSP e nos procedementos negociados nos mesmos casos do artigo 177.2 TRLCSP, nos que é necesario publicar anuncios de licitación.

A Mesa de Contratación de SPI-Galicia, S.A. terá a seguinte composición en función das distintas circunstancias dos contratos licitados:

- Contratación de obras, subministracións ou servizos por conta e mandato da Xunta de Galicia:

- Presidente/a. - Nomeado por proposta do organismo promotor do mandato.
- Vocal. – Xefe de Área de SPI-Galicia, S.A. ou Xefe de Departamento.
- Vocal. - Persoa que desempeñe funcións de Asesoramento Xurídico.

- Vocal. - Persoa que desempeñe funcións de Control Económico-Presupostario.
- Secretario. - Persoa que desempeñe funcións na área de contratación de SPI-Galicia, S.A.
- Contratación de obras, subministracións ou servizos en nome propio e por conta propia.
- Presidente. - Xefe de Área de SPI-Galicia, S.A. ou Xefe de Departamento.
- Vocal. - Técnico da Área correspondente.
- Vocal. - Persoa que desempeñe funcións de Asesoramento Xurídico.
- Vocal. - Persoa que desempeñe funcións de Control Económico-Presupostario.
- Secretario. - Persoa que desempeñe funcións na área de contratación de SPI-Galicia, S.A.

Para a avaliación técnica das ofertas e para a análise das xustificacións, se as houberse, que permitan apreciar ou non o carácter anormal ou desproporcionado das ofertas, a mesa de contratación contará co apoio dos técnicos previstos no Convenio Marco e no Manual de Procedemento.

Nos Procedementos Negociados sen publicidade, agás nos supostos excluídos de competencia, constituirase unha Comisión Técnica Asesora encargada de cualificar as documentacións recibidas e aplicar os criterios de avaliación e negociación establecidos. A súa composición definirase nos correspondentes Prego de Bases, que estarán a disposición dos licitadores interesados.

### **3. - PRINCIPIOS DOS PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE VALORACIÓN**

A adxudicación dos contratos, non suxeitos a regulación harmonizada, aos que se refiren as presentes instrucións, estará sometida, en todo caso, aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación.

As presentes instrucións van encamiñadas a que quede garantida a efectividade destes principios e a que o contrato sexa adxudicado a quen presente a oferta económica máis vantaxosa.

SPI-Galicia, S.A. velará polo seu cumprimento de xeito especial en:

- Os anuncios de licitación, ou no seu caso, as invitacións de participación.
- Os Pregos de Bases e as Prescricións Técnicas, cando procedan.
- As actuacións e resolucións dos Órganos de Asistencia e do Órgano de Contratación nos diferentes procedementos de contratación.

#### **3.1. - PRINCIPIOS DE PUBLICIDADE E CONCORRENCIA**

SPI-Galicia, S.A. dará aos contratos a suficiente difusión para que os interesados poidan concorrer, favorecendo a participación.

A tal efecto publicará o correspondente anuncio de licitación no Perfil de Contratante (<http://www.spigalicia.es>) e na Plataforma de Contratación Pública da Comunidade Autónoma (<http://www.contratosdegalicia.es/>) onde se indicará:

- O obxecto da licitación.
- O Presuposto e prazo do contrato.

- O procedemento de adxudicación e o seu réxime de tramitación.
- O prazo límite para presentar as ofertas e modalidades de presentación.
- Data, hora e lugar de apertura das proposicións.
- As formas e lugares de acceso á documentación técnica.
- Os documentos relativos á acreditación da solvencia e capacidade para contratar.
- Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditarlos.

O anuncio tamén poderá indicar:

- As circunstancias en que se autoriza a presentación de variantes ou melloras, se se admiten.
- Os criterios de valoración das ofertas.
- Os documentos constitutivos das ofertas.

En calquera caso esta información constará no Prego de Bases da licitación que tamén se publicará no Perfil de SPI-Galicia, S.A.

Nos procedementos negociados e nos menores, nos que non se admitirán proposicións enviadas por correo, e nos abertos calquera que sexa o seu importe, cando se declare a tramitación urxente, o prazo de presentación de solicitudes será como mínimo de 10 días.

No resto dos casos o prazo establecerase, en función do presuposto e a complexidade do contrato, tendo como valor mínimo 26 días, contados desde a publicación do anuncio, para os contratos de obras e de 15 días para os de servizos e subministracións.

Como modalidade adicional de difusión manterase a publicación de anuncios en medios de comunicación (prensa escrita) seguindo criterios xeográficos.

### **3.1.1. - Supostos excluídos de Publicidade e Concorrenia.**

Non será necesaria a publicidade nin a concorrencia nos supostos previstos na normativa do sector público.

### **3.1.2. – Aptitude para Contratar**

#### **3.1.2.1. - Capacidade**

##### **3.1.2.1.1. - Aspectos xerais de aptitude para contratar.**


1. Poderán contratar con SPI-Galicia, S.A. as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, ou, nos casos en que se esixise, se atopen debidamente clasificadas.
2. Así mesmo, os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

##### **3.1.2.1.2.- Acreditación da aptitude para contratar.**

- A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución e de modificación, no seu caso, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas para as que se regulan a súa actividade, debidamente

inscritos, se é o caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se estableza, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.



- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, que acredite que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración cos entes do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da Lei de Contratos do Sector Público do Reino de España. Ademais deberán achegar Certificado do Rexistro Mercantil acreditativo da inscrición en España da sucursal na que se exprese a designación de apoderados ou representantes en España.

- No suposto de empresario individual acompañará o Documento nacional de identidade e, no seu caso, a escritura de apoderamento debidamente legalizada, ou as súas fotocopias autenticadas.

### **3.1.2.1.3. - Condicións especiais de compatibilidade**

- Non poderán concorrer ás licitacións aquelas empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas ou dos



documentos preparatorios do contrato sempre que a devandita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou superar un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras, segundo dispón o artigo 56.1 do T.R.L.C.S.P.

- En contratos cuxo obxecto sexa a vixilancia, supervisión, control e dirección da execución de obras e instalacións non poderán adxudicarse ás mesmas empresas adxudicatarias dos correspondentes contratos de obras, nin ás empresas a estas vinculadas, entendéndose por tales as que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de Comercio.

#### **3.1.2.1.4. - Normas especiais de capacidade**

- As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias dos contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios, de conformidade co disposto no artigo 57.1 do TRLCSP.
- En todo caso, terán capacidade para contratar con SPI-Galicia, S.A. as empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea que, conforme á lexislación do Estado en que estean establecidas, se atopen habilitadas para realizar a prestación de que se trate. Cando a lexislación do Estado en que se atopen establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito, como reza o artigo 58.1 do T.R.L.C.S.P.

#### **3.1.2.1.4.1- Unións de empresarios**



- Poderán contratar as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.
- Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción de este, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobramentos e pagamentos de contía significativa.
- Para os efectos da licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato.
- A duración das unións temporais de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.
- Para os casos en que se esixa unha determinada clasificación, e concorran na unión empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, os que pertencen aos dous primeiros grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

### 3.1.2.2. - Prohibicións de Contratar: Proba de non concorrencia

- Non poderán contratar con SPI-Galicia, S.A. as persoas nas que conorra algunha das circunstancias previstas no art. 60.1 do T.R. L.C.S.P.
- As prohibicións de contratar afectarán tamén a aquelas persoas ou empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou escisión, doutras empresas nas que concorren aquelas.
- A proba, por parte dos empresarios, de non estar incursos en prohibicións para contratar poderá realizarse mediante testimonio xudicial ou certificación administrativa, segun os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.
- Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade esté prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

### 3.1.2.3. - Solvencia do Empresario

#### 3.1.2.3.1. - Esixencia de solvencia

- Para celebrar contratos os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira

e profesional ou técnica que se determinen. Este requisito poderá ser substituído polo da clasificación.

- Os requisitos mínimos de solvencia e a documentación requirida para acreditar os mesmos indicárase no anuncio de licitación e nos Pregos de Bases, debendo estar vinculados ao seu obxecto e ser proporcionais a este.
- O órgano de contratación poderá esixir os candidatos ou licitadores, facéndoo constar nos Pregos de Bases a concreción de condicións de solvencia nos termos e cos efectos contemplados no artigo 64 do

**T.R.L.C.S.P.**

#### **3.1.2.3.2.- Medios de acreditación**

A solvencia económica e financeira e técnica ou profesional poderase acreditar:

- Mediante a aportación dos documentos que se determinen polo órgano de contratación de entre os previstos nos artigos 75 a 79 da Lei de Contratos do Sector Público.
- Mediante a clasificación do empresario cando así o determinen os Pregos de Bases.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado acreditará, a teor de o nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar neste.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas da Xunta de Galicia acreditará idénticas circunstancias para os efectos da contratación con SPI-Galicia, S.A. O órgano de contratación consultará de oficio, no momento que corresponda no procedemento, a existencia de información neste rexistro das empresas que participen na licitación en curso.

A proba do contido dos Rexistros Oficiais de Licitadores e Empresas Clasificadas efectuarase mediante certificación do órgano encargado deste, que poderá expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

### **3.2. - PRINCIPIO DE TRANSPARENCIA**

Este principio implica:

1) A posibilidade de que todos os participantes na licitación poidan coñecer previamente as normas aplicables ao contrato que se pretende adxudicar, así como ter a certeza de que ditas normas se aplican de igual forma a todas as empresas.

2) A fixación de prazos axeitados para a presentación de ofertas, que deberán ser suficientes para permitir ás empresas realizar unha avaliación axeitada. Os prazos de presentación fixaranse, caso por caso, no anuncio de licitación.

3) A fixación precisa e previa, no anuncio de licitación, ou por remisión ao Prego de Bases, dos criterios obxectivos aplicables para a valoración de ofertas e a adxudicación do contrato.

4) A determinación clara e precisa do órgano ao que lle corresponde efectuar a proposta de adxudicación e a adxudicación do contrato.

### **3.3. - PRINCIPIOS DE IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN**

Estes principios comparten as seguintes esixencias:

1) A descrición non discriminatoria do obxecto do contrato: Salvo que o xustifique o obxecto do contrato, as especificacións técnicas non poderán mencionar unha fabricación ou unha procedencia determinada ou un procedemento concreto, nin facer referencia a unha marca, a unha patente ou a un tipo, a unha orixe ou a unha produción determinados coa finalidade de favorecer ou descartar certas empresas ou certos produtos. Tal mención ou referencia autorizarase con carácter excepcional, no caso en que non sexa posible facer una descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato en aplicación dos apartados 3 e 4 do artigo 117 do TRLCSP e deberá ir acompañada da mención “ou equivalente”.

2) A igualdade de acceso para os operadores económicos de todos os Estados membros da Unión Europea.

3) O recoñecemento mutuo de títulos, certificados e outros diplomas.

4) A proscrición de facilitar de forma discriminatoria, información que poida proporcionar vantaxes a determinados licitadores respecto do resto.

### **3.4. - PRINCIPIO DE CONFIDENCIALIDADE**

A sociedade non poderá divulgar a información facilitada polos licitadores que estes declararan confidencial. A confidencialidade afecta, en particular, aos segredos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das ofertas.

Pola súa parte o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato

á que se lle dese o referido carácter no contrato ou, que pola súa propia natureza, debe ser tratada como tal.

### **3.5. - CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS**

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, tales como a calidade, o prezo, a fórmula utilizable para revisar as retribucións ligadas á utilización da obra ou á prestación do servizo, o prazo de execución ou entrega da prestación, o custo de utilización, as características medioambientais ou vinculadas coa satisfacción de esixencias sociais que respondan a necesidades, definidas nas especificacións do contrato, propias das categorías de poboación especialmente desfavorecidas ás que pertencen os usuarios ou beneficiarios das prestacións a contratar, a rendibilidade, o valor técnico, as características estéticas ou funcionais, a dispoñibilidade e custo dos repostos, o mantemento, a asistencia técnica, o servizo postvenda ou outros semellantes.

Cando só se utilice un criterio de adxudicación, este debe ser, necesariamente, o do prezo máis baixo.

Os Pregos de Bases definirán con suficiente nivel de detalle os criterios de valoración e a súa ponderación.

Nos procedementos abertos os criterios que dependan dun xuízo de valor e non poidan avaliarse a través da mera aplicación de fórmulas, avaliaranse, deixando constancia documental, antes da apertura pública das proposicións económicas.



## **4. - TIPOS DE CONTRATOS E PROCEDIMENTOS REGULADOS POR ESTAS INSTRUCCIÓN**

### **4.1. - TIPOS DE CONTRATOS**

Os contratos non suxeitos a regulación harmonizada, obxecto da actividade contractual de SPI-Galicia, S.A., que se regulan nas presentes instrucións son as seguintes:

- a) Contratos de obras, tal e como os definidos no artigo 6 do T.R.L.C.S.P., de valor estimado inferior a 5.186.00€ (IVE non incluído)
- b) Contratos de subministracións, tal e como os define o artigo 9 do T.R.L.C.S.P., de valor estimado inferior a 207.000€ (IVE non incluído).
- c) Contratos de servizos, tal e como os define o artigo 10 do T.R. L.C.S.P., de valor estimado inferior a 207.000€ (IVE non incluído).

Os importes límites destas instrucións actualizaranse segundo o previsto na Disposición Adicional undécima do T.R.L.C.S.P.

O valor estimado dos contratos calcularase de conformidade co previsto no artigo 88 do T.R.L.C.S.P.

Nas licitacións por mandato da Xunta de Galicia o valor estimado do contrato quedará presupostado no propio encargo. Corresponde así mesmo ao órgano administrativo competente:

- A Autorización para licitar polo procedemento negociado cando concorran as circunstancias nas que a L.C.S.P. llo permita.
- As declaracións de imperiosa urxencia e emerxencia.



Os importes límites destas instrucións actualizaranse segundo o previsto na Disposición Adicional undécima do T.R.L.C.S.P.

- As declaracións de carácter secreto ou reservado do contrato.
- O carácter de obras ou actuacións complementarias.
- Calquera outra circunstancia que requira o exercicio de potestades administrativas.

#### **4.2. - PROCEDEMENTOS**

Os procedementos que se regulan nesta versión das instrucións son as seguintes:

- a) Contratos Menores.
- b) Procedemento Negociado.
- c) Procedemento aberto.

## 5. - PREGOS DE BASES

O Consello de Administración de SPI-Galicia, S.A. aprobará Pregos de Bases modelo para as diferentes categorías de contratos de natureza análoga, que formarán parte do Manual de Procedemento Interno.

O artigo 137.2 do T.R.L.C.S.P. dispón, para os contratos de contía superior a 50.000 €, a obriga de elaborar un prego, no que se establezan as características básicas do contrato, o réxime de admisión de variantes, as modalidades de recepción de ofertas, os criterios de adxudicación e as garantías que deberán constituír, se é o caso, os licitadores ou o adxudicatario. Estes pregos serán parte integrante do contrato.

Entendendo como un mínimo o explicitado no citado artigo 137.2 os pregos definirán:

- O obxecto do contrato que se desexa adxudicar e a súa codificación.
- O réxime xurídico do contrato.
- O presuposto base de licitación, e existencia de crédito.
- A duración do contrato e eventuais prórrogas.
- O prazo de garantía cando proceda.
- O procedemento de adxudicación e a forma de tramitación do expediente.
- Condicións de admisión de variantes, se procede.
- As garantías provisionais e definitivas
- A revisión de prezos, se procede.

- Prazo de presentación das candidaturas e/ou proposicións.
- Lugar de recepción das candidaturas e/ou proposicións e formas de envío admitidas.
- Órgano de contratación e órgano de asistencia.
- As condicións de aptitude do contratista.
- Representación.
- Capacidade de obrar
- Prohibicións de contratar.
- Condicións de solvencia e clasificación.
- Eficacia dos Rexistros Oficiais de Licitadores.
- Acreditación de cumprimento de normas de garantía de calidade e de xestión medioambiental, se procede.
- Documentos a presentar polos candidatos ou licitadores e a forma de presentación e contido das proposicións.
- Medios de comunicación
- Criterios de adxudicación e valoración das ofertas.
- Criterios para definir o límite de ofertas desproporcionadas ou anormais e para determinar sobre a súa admisión.
- Constitución e funcionamento da mesa de contratación.
  - Revisión e subsanación de documentación xeral.
  - Revisión, subsanación e avaliación da documentación técnica.

- Data, hora e lugar da reunión da Mesa de Contratación para o acto público de apertura de proposicións económicas.
- Renuncia ou desestimento da celebración do contrato.
- Adxudicación e a súa notificación e efectos.
- Formalización dos contratos.
- Prazos para a súa formalización.
- Documentación a aportar.
- Garantía definitiva.
- Gastos de publicidade.
- Documento de formalización (contrato tipo) e documentación con carácter contractual.
- Réxime dos abonos do prezo.
- Cesión do contrato e subcontratación.
- Incumprimento das condicións de execución.
- Penalidades derivadas dos incumprimentos.
- Modificacións do contrato.
- Obras accesorias ou complementarias.
- Recepción e extinción do contrato.
- Resolución do contrato.
- Información clasificada como confidencial.
- Xurisdición e arbitraje.

## 6. - CONTRATOS

### 1. - Perfección dos contratos

Os contratos perfecciónanse mediante a súa adxudicación, entendida como un acto xurídico único, calquera que sexa o procedemento seguido para chegar a ela.

Salvo que se indique outra cousa no seu clausulado, os contratos entenderanse celebrados no lugar onde se atope a sede do órgano de contratación

### 2. - Carácter formal da contratación do sector público

Non se poderá contratar verbalmente, salvo que o contrato teña, carácter de emerxencia.

Os contratos que se celebren formalizaranse mediante a sinatura do correspondente contrato, sen prexuízo do sinalado para os contratos menores.

### 3. - Contido mínimo do contrato

Salvo que xa se atopen recollidas nos pregos, os contratos deben incluír, necesariamente, as seguintes mencións:

- a) A identificación das partes.
- b) A acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o contrato.
- c) Definición do obxecto do contrato.
- d) Referencia á lexislación aplicable ao contrato.
- a) A enumeración dos documentos que integran o contrato. Se así se expresa no contrato, esta enumeración poderá estar xerarquizada,

ordenándose segundo a orde de prioridade acordada polas partes, en cuxo suposto, e salvo caso de erro manifesto, a orde pactada utilizarase para determinar a prevalencia respectiva, en caso de que existan contradicións entre diversos documentos.

- f) O prezo certo, ou o modo de determinalo.
- g) A duración do contrato ou as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a da prórroga ou prórrogas, se estivesen previstas.
- h) As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións.
- i) As condicións de pagamento.
- j) Os supostos en que procede a resolución.
- k) O crédito presupostario ou o programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso.
- l) A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista.

O documento contractual non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigas para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, no seu caso, na forma que resulte da proposición do adxudicatario, ou dos precisados no acto de adxudicación do contrato de acordo co actuado no procedemento, de non existir aqueles.

O Consello de Administración de SPI-Galicia, S.A. aprobará Contratos Tipos para as diferentes categorías de contratación de natureza análoga. Estes Contratos Tipo incorporaranse ao Manual de Procedemento Interno e estarán a disposición dos interesados no Perfil de Contratante.

Nos procedementos de contratación que regulan estas instrucións os Pregos de Bases esixirán unha declaración expresa do coñecemento e aceptación do Contrato Tipo correspondente.

Ademais do contido mínimo definido nos parágrafos anteriores os Contratos Tipo regularán cando proceda:

- A revisión de prezos.
- Os gastos a cargo do contratista.
- As modificacións ao contrato.
- As obras ou servizos accesorios e complementarios.
- A dirección facultativa dos traballos.
- A seguridade e saúde durante a execución.
- O Plan de traballos.
- O control de calidade.
- Os medios para a execución nos traballos.
- A información a preparar polo contratista.
- As penalizacións.
- A cesión do contrato e a subcontratación.
- A cesión dos dereitos de cobramento.
- O risco e ventura e a forza maior.
- Os seguros vixentes durante os traballos.
- As obrigas do contratista.
- O Réxime de Garantías.
- As suspensións parciais ou totais dos traballos.
- As obrigas do contratista durante o prazo de garantía.
- O réxime xurídico e a arbitrase.

## **7. - GARANTÍAS**

### **7.1. - SUPOSTOS E RÉXIME**

- Nos contratos que celebren os entes, organismos e entidades do sector público que non teñan a consideración de Administracións Públicas, os órganos de contratación poderán esixir a prestación dunha garantía aos licitadores ou candidatos, para responder do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación provisional e, no seu caso, definitiva do contrato ou ao adxudicatario, para asegurar a correcta execución da prestación.

- O importe da garantía, que poderá presentarse nalgunha das formas previstas no punto 7.3.2, así como o réxime da súa devolución ou cancelación serán establecidos polo órgano de contratación, atendidas as circunstancias e características do contrato.

### **7.2. - GARANTÍA PROVISIONAL**

- Con carácter xeral non se esixirá a constitución de garantía provisional nos procedementos que se regulan nesta versión das instrucións, salvo que medie declaración expresa nos mandatos de actuación por conta da Xunta de Galicia ou acordo do Consello de Administración de SPI-Galicia, S.A. considerando as circunstancias de cada contrato.

- Nos Pregos de Bases determinarase o importe da garantía provisional, que non poderá ser superior a un 3 por cento do presuposto do contrato, e o réxime da súa devolución. A garantía provisional poderá prestarse en calquera das formas previstas no punto 7.3.2..

- A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. En todo caso, a garantía será retida ao adxudicatario ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.



- O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, en cuio caso a garantía provisional cancelárase simultaneamente á constitución da definitiva.

### **7.3. - GARANTÍA DEFINITIVA**

#### **7.3.1. - Esixencia**

Os Pregos de Bases establecerán que os adxudicatarios dos contratos que se celebren deberán constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía dun 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

- En casos especiais, o órgano de contratación poderá establecer no prego de cláusulas que, ademais da garantía a que se refire o apartado anterior, se preste unha complementaria de ata un 5 por cento do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía total un 10 por cento do prezo do contrato.

- Cando a contía do contrato se determine en función de prezos unitarios, o importe da garantía a constituír fixarase atendendo ao presuposto base de licitación.

#### **7.3.2. - Garantías admitidas**

Nos contratos que celebre SPI-Galicia, S.A. o Órgano de Contratación poderá esixir a prestación dunha garantía os licitadores ou candidatos, para responder do mentemento das súas ofertas ata a adxudicación provisional e, no seu cao, definitiva do contrato ou ó adxudicatario, para asegurar a correcta execución da prestación.

O importe da garantía, que poderá presentarse en algunha das formas previstas no artigo 96 así como o réxime da súa devolución ou cancelación

serán establecidos polo órgano de contratación, atendidas as circunstancias e características do contrato.

#### **7.4.- REPOSICIÓN E REAXUSTE DE GARANTÍAS**

Os Pregos de Bases establecerán as seguintes prescricións para reposición e reaxuste

- En caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ao adxudicatario, este deberá repoñer ou ampliar aquela, na contía que corresponda, no prazo de quince días dende a execución, incorrendo no caso contrario en causa de resolución.

- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados dende a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación. A estes efectos non se considerarán as variacións de prezo que se produzan como consecuencia dunha revisión do mesmo.

#### **7.5.- RESPONSABILIDADES A QUE ESTÁN AFECTAS AS GARANTÍAS**

Os Pregos de Bases establecerán que as garantías responderán dos seguintes conceptos:

- Das penalidades impostas ao contratista.
- Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados pola demora do contratista no cumprimento das súas obrigas, e dos danos e prexuízos ocasionados a esta con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.

- Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel estea establecido.

- Ademais, no contrato de subministración a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens subministrados durante o prazo de garantía que se previra no contrato.

## **7.6. - DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DAS GARANTÍAS**

- Os Pregos de Bases establecerán que a garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprira satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.

- Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou cancelarse o aval ou seguro de caución.

- No suposto de recepción parcial só poderá o contratista solicitar a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía cando así se autorice expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares.

- Nos casos de cesión de contratos non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que se atope formalmente constituída a do cesionario.

## 8. - CONTRATOS MENORES

Considéranse contratos menores os contratos de importe inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos.

Nos contratos menores de obras de máis de 25.000 euros e nos restantes contratos de importe superior a 9.000 euros procederase a invitar polo menos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que sexa posible. Estas empresas non poderán estar vinculadas entre elas.

No expediente deberá deixarse constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Os contratos menores de obras de 25.000 euros ou menos e os restantes contratos de 9.000 euros ou de importe inferior poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación necesaria para realizar a prestación.

A tramitación do expediente esixirá a aprobación do gasto e a incorporación a este da factura correspondente.

Neste tipo de contratos a factura fará as veces de documento contractual, agás que o órgano de contratación opte por formalizar contrato.

Os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano, non serán prorrogables, nin terán dereito a revisión de prezos.



## **9. - PROCEDIMIENTO NEGOCIADO**

### **9.1. - CARACTERIZACIÓN**

a) No procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles.

b) O procedemento negociado será obxecto de publicidade previa nos casos previstos no punto 9.6, nos que será posible a presentación de ofertas en concorrencia por calquera empresario interesado. Nos restantes supostos, non será necesario dar publicidade ao procedemento, asegurándose a concorrencia mediante a solicitude de, polo menos, tres ofertas a candidatos capacitados para a realización do obxecto do contrato sempre que iso sexa posible, agás nos supostos contemplados na L.C.S.P..

### **9.2. - SUPOSTOS DE APLICACIÓNS XERAIS**

Nos termos que se establecen para cada tipo de contrato nos apartados seguintes, os contratos que se poderán adxudicar mediante procedemento negociado son os incluídos no artigo 170 do T.R.L.C.S.P.

### **9.3. - SUPOSTOS DE APLICACIÓN EN CONTRATOS DE OBRA**

Ademais de nos casos previstos no punto 9.2, os contratos de obras poderán adxudicarse por procedemento negociado nos suposto expresado no artigo 171 do T.R.L.C.S.P.

#### **9.4.- SUPOSTOS DE APLICACIÓN EN CONTRATOS DE SUBMINISTRACIONES**

Ademais de nos casos previstos no 9.2., os contratos de subministración poderán adxudicarse mediante o procedemento negociado no supostos establecidos no artigo 173 do T.R.L.C.S.P.

#### **9.5.- SUPOSTOS DE APLICACIÓN EN CONTRATOS DE SERVICIOS**

Ademais de nos casos previstos no punto 9.2., os contratos de servizos poderán adxudicarse por procedemento negociado nos supostos establecidos no artigo 174 do T.R.L.C.S.P.

#### **9.6. - TRAMITACIÓN**

##### **9.6.1. - Delimitación da materia obxecto de negociación**

No Prego de Bases determinaranse os aspectos económicos e técnicos que, no seu caso, haxan de ser obxecto de negociación coas empresas.

##### **9.6.2. - Anuncio e presentación**

a) Cando se acuda ao procedemento negociado por concorrer as circunstancias previstas nas letras a) e b) do artigo 170 do T.R.L.C.S.P. na letra a) do artigo 171 do T.R.L.C.S.P., ou na letra a) do artigo 174 do T.R.L.C.S.P. deberase publicar un anuncio de licitación no Perfil de Contratante de SPI-Galicia, S.A.. Poderá prescindirse da publicación do anuncio cando se acuda ao procedemento negociado por terse presentado ofertas irregulares ou inaceptables nos procedementos antecedentes, sempre que na negociación se inclúa a todos os licitadores que no procedemento aberto seguido con anterioridade presentasen ofertas conformes cos requisitos formais esixidos, e solo a eles.

b) Serán de aplicación ao procedemento negociado, nos casos en que se proceda á publicación de anuncios de licitación, as normas seguintes:

#### **9.6.2.1. - Criterios para a selección de candidatos**

a) Con carácter previo ao anuncio da licitación, nos Pregos de Bases, deberase establecer os criterios obxectivos de solvencia, de entre os sinalados nos artigos 75 a 79 do T.R.L.C.S.P., conforme aos cales serán elixidos os candidatos que serán invitados a presentar proposicións.

b) Sinalarase o número mínimo de empresarios aos que invitará a participar no procedemento, que non poderá ser inferior a tres. Se se considera procedente, igualmente poderase fixar o número máximo de candidatos aos que se invitará a presentar oferta. En calquera caso, o número de candidatos invitados debe ser suficiente para garantir unha competencia efectiva.

c) Os criterios ou normas obxectivos e non discriminatorios conforme aos cales se seleccionará aos candidatos, así como o número mínimo e, no seu caso, o número máximo daqueles aos que se invitará a presentar proposicións indicaranse no anuncio de licitación.

#### **9.6.2.2. - Solicitudes de participación**

a) O prazo para a presentación de solicitudes de participación será, como mínimo, de dez días, contados dende a publicación do anuncio.

b) As solicitudes de participación deberán ir acompañadas das seguintes documentacións:



- a) Os que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación.
- b) Os que acrediten a clasificación da empresa, no seu caso, ou xustificuen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- c) Unha declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario ao favor do cal se vaia efectuar esta.

- d) Para as empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato se vaia executar en España, a declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

#### **9.6.2.3. - Selección de solicitantes.**

1. O órgano de asistencia que se defina, unha vez comprobada a personalidade e solvencia dos solicitantes, seleccionará os que deban pasar á seguinte fase, aos que invitará, simultaneamente e por escrito, a presentar as súas proposicións no prazo mínimo de dez días.

2. O número de candidatos invitados a presentar proposicións deberá ser igual, polo menos, ao mínimo que, no seu caso, se fixase previamente. Cando o número de candidatos que cumpran os criterios de selección sexa inferior a ese número mínimo, poderase continuar o procedemento cos que reúnan as condicións esixidas, sen que poida invitarse a empresarios que non solicitaran participar neste, ou a candidatos que non posúan esas condicións.

#### **9.6.2.4. - Contido das invitacións e información aos convidados.**

1. As invitacións conterán unha referencia ao anuncio de licitación publicado e indicarán a data límite para a recepción de ofertas, a dirección á que deban enviarse e a lingua en que deban estar redactadas, se se admite algunha outra ademais do castelán, os criterios de adxudicación do contrato que se terán en conta e a súa ponderación relativa, se non figurasen no anuncio de licitación, e o lugar, día e hora da apertura de proposicións.
2. A invitación aos candidatos incluírá un exemplar dos pregos e copia da documentación complementaria, ou conterá as indicacións pertinentes para permitir o acceso a estes documentos, cando os mesmos se poñan directamente á súa disposición por medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

Non obstante, en caso de que se decida limitar o número de empresas ás que se invitará a negociar, deberá terse en conta o sinalado no apartado a) do punto seguinte.

## 9.7. – NEGOCIACIÓN

Todos os contratos negociados serán xestionados por unha mesa de contratación que se constituirá segundo o establecido na cláusula 2 destas Instrucións e por un órgano de negociación.

O Prego de Cláusulas Administrativas da licitación concretará a composición do órgano de negociación, do que preferentemente formará parte o Xefe de Área ou Departamento relacionado coa contratación e actuará como Secretario unha persoa da área de contratación. Os membros do órgano de contratación poderán ser á vez membros da Mesa de Contratación.

O encargado da negociación procederá da seguinte forma:

- Preparará un informe inicial de valoración no que se analicen as proposicións económicas e técnicas presentadas en relación cos criterios de adxudicación e se expresen as características e vantaxes de cada unha delas.

O informe inicial realizarase de tal xeito que non recolla información facilitada polos empresarios que estes sinalasen como confidencial e, en particular, segredos técnicos ou comerciais.

Non se incitará a participar a empresas que formulasen proposicións que incumpran as prescricións do prego non susceptibles de negociación.

- A fase de negociación terá como obxectivo lograr a mellora das proposicións, de acordo cos aspectos obxecto de negociación que se precisarán no correspondente Prego, e se desenrolará do seguinte xeito:

- O órgano de negociación invitará a negociar ós licitadores, indicando os aspectos obxecto de negociación recollidos no prego,

poñendo no seu coñecemento as características e vantaxes da súa proposición e do resto das proposicións presentadas, de acordo co informe inicial antes sinalado.

Nesta comunicación non se identificará ós empresarios que presentasen as restantes proposicións.

As invitacións remitiranse por escrito ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, de acordo co expresado no correspondente Prego. Os medios electrónicos, informáticos ou telemáticos deberán cumprir o establecido nas disposicións adicionais décimo quinta e décimo sexta do TRLCSP.

Os licitadores poderán presentar nun prazo de 3 días a súa contestación, por escrito, en sobre cerrado dirixido ó órgano encargado da negociación, no rexistro do órgano de contratación, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, de acordo co que se exprese no correspondente Prego.

- A contestación do licitador poderá reformular ou mellorar os termos da súa oferta inicial ou indicar que se mantén nos termos orixinais.
- As novas ofertas que se presenten deberán estar sempre orientadas globalmente á mellora das súas condicións iniciais.
- As novas ofertas deberán sempre concretar a mellora que se ofrece, polo que non se admitirá o ofrecemento xeral de igualar os termos da oferta máis vantaxosa doutro licitador no criterio ou criterios considerados.

No procedemento darase un trato igual a tódolos licitadores e non se facilitará, de forma discriminatoria, información que poida dar vantaxes a

determinados licitadores con respecto ó resto. En particular non se poderá revelar ós demais participantes as solucións propostas por un participante ou outros datos confidenciais que este lles comunique, sen previo acordo dese participante.

No expediente deberá deixarse constancia documental desta fase de negociación e, en particular, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

Unha vez efectuadas as actuacións anteriores o órgano encargado da negociación declarará concluída a fase de negociación e dará traslado á mesa de contratación dos resultados desta, acompañando o expediente correspondente á fase de negociación e un informe técnico coa valoración das ofertas presentadas de acordo cos criterios de adxudicación establecidos no prego.

En particular, darase traslado á mesa de contratación das proposicións presentadas que incumprisen as prescricións do Prego non susceptibles de negociación, a efectos de que a Mesa acorde a súa exclusión.

A mesa de contratación valorará as proposicións dos licitadores a cuxo efecto poderá pedir os informes técnicos que considere precisos, e propondrá ó órgano de contratación a adxudicación.

## **10. - PROCEDEMENTO ABERTO**

### **10.1. - CONVOCATORIA**

O Perfil de Contratante de SPI-Galicia, S.A. publicarase o anuncio convocando a licitación. No anuncio, que tamén se publicará en prensa escrita indicárase:

- O obxecto da licitación, o presuposto e o prazo do contrato.
- O prazo de presentación de proposicións.
- Data, hora e lugar da reunión da mesa de contratación para a apertura pública das proposicións económicas admitidas.
- As formas e lugares de acceso á documentación técnica.
- Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditarlos.

No Perfil de Contratante estará tamén a disposición dos interesados o Prego de Bases e o Contrato Tipo.

### **10.2. - INFORMACIÓN AOS LICITADORES**

Dende o día da publicación do anuncio de licitación poderase examinar nas oficinas de SPI-Galicia, S.A. Rúa Avelino Pousa Antelo nº 1 en Santiago de Compostela, entre as 9 e as 13 horas dos días laborables, o Prego de Bases e a documentación relacionada.

Indicárase tamén onde poden conseguir, á súa costa, copias da citada documentación e do proxecto, se se trata de contratos de obras.

### 10.3. - REQUISITOS E CONDICIÓNS DAS OFERTAS

Os Pregos de Bases establecerán que as ofertas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) As ofertas referiranse ao conxunto das obras, servizos ou subministracións licitadas e, salvo no caso de subministracións por lotes, non se admitirán ofertas parciais.
- b) As declaracións e compromisos aportados polo licitador haberán de estar asinadas por el ou o seu representante.
- c) As ofertas presentaranse escritas a máquina ou calquera tipo de impresión mecánica ou informática, non aceptándose ningún documento manuscrito, nin con omisións, emendas ou erratas que non permitan coñecer claramente as condicións para valoralas.
- d) As empresas estranxeiras presentarán a documentación traducida de forma oficial ao galego ou ao castelán.
- e) Os documentos administrativos presentaranse os orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas, a documentación notarial axustarase aos requisitos esixidos para a súa legalización e lexitimación.
- f) As ofertas poderanse presentar ata as 14,00 horas do día que se indique no anuncio no Rexistro de SPI-Galicia, S.A. nas súas oficinas de Rúa Avelino Pousa Antelo nº 1 en Santiago de Compostela.

No caso de ofertas enviadas por correo, se se admite esa modalidade no Prego de Bases, os licitadores haberán de xustificar que a data e hora de depósito, tramitación na oficina de correos son, como máximo, as sinaladas no anuncio e poñelo en coñecemento de SPI-Galicia, S.A. mediante telegrama, telefax ou burofax que se haberá de recibir dentro do citado prazo. En calquera caso non serán





admitidas as que non se reciban en SPI-Galicia, S.A. dentro dos cinco días seguintes ao remate do prazo de presentación.

Nos procedementos declarados de tramitación urxente dito prazo quedará reducido a 2 días.

g) Cada licitador non poderá presentar máis que unha única proposta, nin subscribir proposta en unión temporal se concorreu individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal. O incumprimento desta condición será causa de exclusión de todas as ofertas presentadas.

Se o Prego de Bases admite a posibilidade de variantes e/ou melloras o licitador terá que presentar unha oferta base e poderá presentar oferta/s de variantes ou melloras no número máximo e dentro do alcance e condicións que se sinalen.

As ofertas con variantes e/ou melloras non poderán superar o importe da oferta base presentada, que á súa vez non poderá ser superior ao presuposto de licitación

h) Non se admitirán proposicións presentadas por licitadores que participaran na elaboración de documentos preparatorios do contrato nos termos contemplados no artigo 56.1 do T.R.L.C.S.P..

Os contratos que teñan por obxecto a dirección de obra, dirección de execución, control e vixilancia de obras ou instalacións, non poderán adxudicarse a empresas vinculadas, nos termos que establece o art. 56.2 do T.R.L.C.S.P., á adxudicataria da execución.

i) As ofertas haberán de axustarse ao previsto no Prego de Bases e a súa presentación supón a aceptación incondicionada, sen excepción nin reserva ningunha, da totalidade do contido do citado Prego.



j) Os licitadores facilitarán dentro da proposta un domicilio, un teléfono, un fax e unha dirección de correo electrónico para as comunicacións relacionadas coa convocatoria.

k) O prazo mínimo de validez das ofertas establecerase no Prego de Bases. Superado ese prazo sen que se acordara a adxudicación ou a resolución noutro sentido da licitación, os licitadores terán dereito a retirar a súa oferta e á devolución da garantía provisional, sempre e cando o soliciten por escrito. As ofertas que non fosen retiradas entenderanse válidas e vinculantes a todos os efectos.

#### **10.4. - CONTIDO DOS SOBRES**

Os Pregos de Bases establecerán que as ofertas constarán de tres (3) sobres pechados e asinados polo licitador ou quen o represente, se é persoa xurídica. En cada sobre farase constar o contido e o nome do licitador. O contido dos sobres será o seguinte:

##### **a) Sobre nº 1:**

- Os documentos acreditativos da representación, capacidade, solvencia e non concorrencia das prohibicións de contratar que se indiquen no Prego de Bases da licitación, que á súa vez terá como referencia o contido destas Instrucións.
- A garantía provisional se se esixe.
- No caso de empresas estranxeiras unha declaración de someterse aos xulgados e tribunais españois, con renuncia expresa a calquera foro estranxeiro que puidese corresponderlle. Sen prexuízo da submisión á arbitrase que poida estar prevista no contrato.
- Declaración de grupo de empresas nos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio.

b) **Sobre nº 2:** A proposta técnica conforme aos requisitos, previsións e condicións que se establecen no Prego de Bases.

c) **Sobre nº 3:** A proposta económica conforme aos requisitos, previsións e condicións que se establecen no Prego de Bases e os aspectos técnicos que poidan ser obxecto de valoración mediante fórmulas matemáticas.

## **10.5. - APERTURA, EXAME E VALORACIÓN DAS OFERTAS**

### **10.5.1. - Sobre nº 1**

A Mesa de contratación verificará se os sobres nº 1 conteñen toda a documentación esixida no Prego de Bases. Examinará e cualificará a validez formal de todas os documentos contidos.

No caso en que a Mesa considere a existencia de defectos emendables comunicaraos, na forma prevista no Prego de Bases, aos licitadores afectados fixando un prazo, non superior a tres días hábiles, para que poida presentar a oportuna emenda.

A non presentación das emendas no prazo concedido será causa de exclusión.

A constitución da garantía provisional, se se esixe, finalizado o prazo de presentación ou por un medio diferente aos previstos no Prego de Bases non se considerará emendable en ningún caso.

A Mesa de Contratación deixará constancia nunha acta de todo o actuado.

Publicarase no Perfil de SPI-Galicia, S.A. a información sobre as ofertas presentadas e excluídas.

### **10.5.2. - Sobre nº 2**

A Mesa de Contratación procederá á apertura pública e exame da documentación contida verificando se se axusta ou non ao especificado no Prego de Bases.

A Mesa deixará constancia documental do actuado.

A valoración dos criterios non suxeitos a formulación matemática baseándose na documentación achegada contida no sobre nº 2 realizarase na forma e cos criterios que se marquen no Prego de Bases, acordes co establecido nestas instrucións.

Dos resultados desta valoración e das puntuacións obtidas quedará constancia documental anterior ó acto público de apertura do sobre nº 3, no que se darán a coñecer.

### **10.5.3. - Sobre nº 3**

No lugar, data e hora que se sinale no anuncio correspondente, en acto público, darase a coñecer os licitadores admitidos, os excluídos e as causas de exclusión.

A continuación procederase á apertura dos sobres e darase lectura das proposicións económicas presentadas segundo o modelo incluído no Prego de Bases.

Quedarán excluídas as proposicións incompletas por falta dalgún dato, as que presenten un prazo ou un prezo superior aos de licitación, conteñan erros manifestos no importe ou cando o licitador recoñeza erro ou inconsistencia na proposición que a fagan inviable.

Se se admiten variantes e/ou melloras, a exclusión da oferta base implica a exclusión das variantes e/ou melloras presentadas polo mesmo licitador.

Os resultados da apertura publicaranse no Perfil de Contratante de SPI-Galicia, S.A.

Do actuado a Mesa deixará constancia documental.

#### **10.5.4. - Apreciación do carácter desproporcionado ou anormal dunha oferta**

Os parámetros obxectivos que permitan apreciar, no seu caso, que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia dun prezo anormal ou desproporcionado, especificarase no Prego de Bases.

Aos licitadores incursos nestas circunstancias a Mesa de Contratación solicitaralles, polos medios que se establezan no Prego de Bases, información que se considere oportuna e, a xustificación que permita apreciar se a oferta debe ser ou non tida en conta como posible adxudicataria.

En concreto deberá xustificar a valoración da súa oferta e precisar as condicións da mesma, en particular no que se refire a:

- O aforro que permita o procedemento de execución do contrato.
- As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación.
- A orixinalidade das prestacións propostas.
- O respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación.
- A posible obtención dunha axuda de Estado.
- No caso de contratos de execución de obras a presentación dun informe acreditativo de que a oferta económica non vai en detrimento do cumprimento escrupuloso das prescricións técnicas e de seguridade do proxecto.

A xustificación terá que ser posta a disposición da Mesa de Contratación nun prazo máximo de tres (3) días hábiles dende a súa solicitude.

A Mesa despois da súa análise pola Comisión Técnica prevista nestas instrucións, acordará a aceptación ou non, aos efectos a considerar a oferta como posible adxudicatario ou non.

#### **10.5.5. - Adxudicación**

- A Mesa, valoradas as ofertas de acordo co expresado anteriormente, elevará o Consello de Administración, a través do seu Presidente, a correspondente proposta motivada de adxudicación ou, no seu caso, a proposta de declarar deserta a licitación.

- O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no Prego.

- O Consello de Administración, á vista do indicado no punto anterior, decidirá sobre a adxudicación do contrato. A adxudicación perfeccionará o contrato se ben será necesaria ata a formalización do contrato nos termos previstos no Prego de Bases.

- O Órgano de Contratación poderá renunciar a celebración do contrato e desistir do procedemento de adxudicación nas formas e polas razóns expostas no artigo 155 do T.R.L.C.S.P.

- A adxudicación do contrato será notificada aos licitadores e darase publicidade dela no Perfil de contratante de SPI-Galicia, S.A.

- No caso que non se chegue a formalizar o contrato por falta de cumprimento por parte do adxudicatario das condicións necesarias para o outorgamento do contrato, SPI-Galicia, S.A. poderá convocar nova licitación ou adxudicalo aos licitadores seguintes por orde de clasificación

das súas ofertas, sempre que fose posible e o novo adxudicatario de cumprimento ás obrigas de constitución de garantías e presentación dos documentos esixidos na licitación.

## **10.6. - FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Os Pregos establecerán con carácter previo á formalización do contrato o adxudicatario deberá de aportar a SPI-Galicia, S.A. a documentación que se relaciona:

- Os documentos probatorios da personalidade e representación, se procede, do adxudicatario que haberán de ser validados antes da formalización do contrato.

- A garantía definitiva nas formas e modelos establecidos no Prego de Bases.


- No caso de que o adxudicatario fose un UTE, en calquera réxime xurídico legalmente admitido deberá de acreditar a súa constitución en escritura pública e o CIF asignado á unión, dentro do prazo outorgado para a formalización.

- No caso de non estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou cando non se deduza del, a acreditación de que a empresa atopa o corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social de acordo coas disposicións vixentes.

## **10.7. - NOVA ADXUDICACIÓN EN CASO DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO**

No caso de que o contrato obxecto da licitación se declare resolto unha vez iniciado, SPI-Galicia, S.A. poderá optar entre convocar unha nova licitación ou contratar a continuación da execución do contrato cos licitadores seguintes, por orde de clasificación das súas ofertas, sempre que

fose posible e o novo adxudicatario preste a súa conformidade e de cumprimento ás obrigas de presentación da documentación esixida para a formalización e da garantía esixida.



## **11. - RÉXIME XURÍDICO**

### **11.1. - XURISDICIÓN**

Os contratos realizados por SPI-Galicia, S.A. teñen a consideración de contratos privados.

A Xurisdición Civil será a competente para resolver cantas controversias xurdan entre as partes tanto en relación cos efectos, cumprimento, extinción, como as relativas á preparación e adxudicación.

As partes someteranse expresamente á xurisdición correspondente aos xulgados e tribunais de Santiago de Compostela, con renuncia expresa de calquera outro foro que lles puidese corresponder.

### **11.2. - ARBITRAXE**

Os Pregos e Contratos tipo poderán remitir unha arbitraxe conforme ás disposicións da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de Arbitraxe, a solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción dos contratos que se celebren.